



INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO: SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2025 E CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2025.

EXPEDIENTE: 144/2025

Nº Teresa Escudero Barrai (1 para 1)
Secretaría - Interventora
Data de Sincronización: 22/09/2025
HASH: 6574c57b2002c154437b9614daa8e024

De acordo co ordenado pola Presidencia e en cumprimento do establecido no artigo 4.1.b).2º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional e o artigo 173 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e a vista da memoria da Presidencia na que se propón a seguinte modificación de crédito:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2/2025

CAPÍTULO I

Aplicación Presupuestaria	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.1300	224.500,00 €	Rte. tesourería líquido para financiamento de suplementos de créditos 870.02	COMPLEMENTOS PERSOAIS TRANSITORIOS (ART. 26 CC) E POSIBLES INCREMENTOS RETRIBUTIVOS 2025
1360.13001	40.000,00 €	Rte. tesourería líquido para financiamento de suplementos de créditos 870.02	HORAS EXTRAS
1360.16205	9.000,00 €	Rte. tesourería líquido para financiamento de suplementos de créditos 870.02	SEGURO ACCIDENTES

CAPÍTULO II

Aplicación Presupuestaria	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.22707	10.000,00 €	Rte. tesourería líquido para financiamento de suplementos de créditos 870.02	SERVIZO PREVENCIÓN RISCOS LABORAIS
1360.23020	5.000,00 €	Rte. tesourería líquido para financiamento de	DIETAS MEMBROS TRIBUNAIS PROBAS SELECTIVAS PERSONAL OPERATIVO

Cod. Validación: 7ZQXDGHRSSTEJ7PHR4GREFXS
Corrección: <https://consorciocontraincendiossalvamento.pontevedra.sedelectronica.gal/>
Documento assinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Paxina 1 a 6





		suplementos de créditos 870.02	
9200.22604	11.000,00 €	Rte. tesourería líquido para financiamento de suplementos de créditos 870.02	ASESORAMENTO E DEFESA LETRADA EN PROCESOS XUDICIAIS
9200.23020	2.000,00	Rte. tesourería líquido para financiamento de suplementos de créditos 870.02	DIETAS MEMBROS TRIBUNAIS PROBAS SELECTIVAS PERSONAL FUNCIONARIO

TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO: 301.500,00 €

CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2025

CAPÍTULO II

Aplicación Presupuestaria	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.22607	40.000,00 €	Rte. tesourería líquido para financiamento de créditos extraordinarios 870.01	OPOSICIÓN E PROBAS SELECTIVAS PERSONAL OPERATIVO

CAPÍTULO VI

Aplicación Presupuestaria	Aumento	Financiamento/Concepto	Fins
1360.64100	22.710,00 €	Rte. tesourería líquido para financiamento de créditos extraordinarios 870.01	APLICACIÓN INFORMÁTICA XESTIÓN DE PARQUES
9310.64100	13.500,00 €	Rte. tesourería líquido para financiamento de créditos extraordinarios 870.01	APLICACIÓN INFORMÁTICA XESTIÓN CONTABLE

TOTAL CONCESIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO: 76.210,00 €

Emito o seguinte INFORME:

Lexislación aplicable:





- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei Orgánica 2/2010, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.
- R.D. 500/90, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título Sexto da Lei 39/1988, do 28 de decembro.
- Orden HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira.
- Bases de execución do Orzamento

Primeiro.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira introduce unhas novas magnitudes e conceptos que deben ser observadas polas distintas administracións públicas, incluída a administración local.

Estabilidade presupostaria, o punto 1 do artigo 11 sinala que “*A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demás actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Administracións Públicas e demás entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade presupostaria*”. Entendida, segundo sinala o punto 2, como “*a situación de equilibrio ou superavit estructural*”.

Regla de gasto, o artigo 12, punto 1 establece que “*A variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Producto Interior Bruto de medio plazo da economía española.*”

Sostibilidade financeira, artigo 13.1, sinala que “*El volumen de deuda pública, definida de acuerdo con el Protocolo sobre Procedimiento de déficit excesivo, del conjunto de Administraciones Públicas no podrá superar el 60 por ciento del Producto Interior Bruto nacional expresado en términos nominales, o el que se establezca por la normativa europea.*

Este límite se distribuirá de acuerdo con los siguientes porcentajes, expresados en términos nominales del Producto Interior Bruto nacional: 44 por ciento para la Administración central, 13 por ciento para el conjunto de Comunidades Autónomas y 3 por ciento para el conjunto de Corporaciones Locales.”

Durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023, as regras fiscais foron obxecto de suspensión reactivándose no exercicio 2024.

Para o exercicio 2025, na situación anual, considerase que o Subsector Local e cada entidade local individualmente considerada terá que rexistrar equilibrio orzamentario ou superávit.

En canto a regla de gasto, a variación do gasto computable das entidades locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Producto Interior Bruto a medio plazo da economía española, o que será do 3,2 % en 2025.

Segundo.- Por outra parte segue en vigor a lexislación reguladora dos créditos e





as súas modificacións, e de conformidade co establecido no artigo 177 do R.D.Lvo. 2/2004, do 5 de marzo en concordancia co artigo 35 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, o suplemento de créditos e a concesión de crédito extraordinario son aquellas modificacións do orzamento de gastos mediante os que se asigna crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para os que o crédito existente se amosa insuficiente ou para o que nos existe crédito.

Estas modificacións de crédito poderán finanziarse con cargo ao remanente líquido de tesourería calculado ao abeiro dos artigos 101 a 104 do R.D. 500/1990; obtendo da liquidación do Orzamento 2024:

- * Un superávit orzamentario de: 557.618,45 €
- * Regra de gasto: 44.123,28 €
- * Volume de débeda viva: 0,00 €
- * Un Remanente de Tesourería para gastos xerais de 6.143.793,28 €, que unha vez deducidos os importes empregados en anteriores modificacións de crédito:
 - Incorporacións de remanentes de crédito: 355.300,58 €
 - Remanente empregado no expediente suplemento de crédito e concesión de crédito extraordinario 1/2025: 1.757.000,00 €
- Resulta un remanente de Remanente de Tesourería de: 4.031.492,70 €
- Remanente a empregar no presente expediente suplemento de crédito e concesión de crédito extraordinario 2/2025: 377.710,00 €
- Remanente de Tesourería dispoñible: 3.653.782,70 €

Terceiro.- En canto a súa tramitación, atópase recollida no artigo 169 e 177 do R.D. Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e nos artigos 37 e 38 do R.D. 500/90 en concordancia co artigo 122 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e a Base 7 das Bases de Execución do Orzamento 2025:

- Ditame da Comisión Especial de Contas.
- Toma de razón e aprobación inicial polo Pleno do Consorcio.
- Traslado, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a súa tramitación, dando cumprimento ao artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Exposición pública conxuntamente durante 15 días, mediante edictos publicados no B.O.P. e na páxina web da Deputación.
- Aprobación definitiva polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra que será expresa se hai que resolver reclamacións.
- Publicación no B.O.P.

Cuarto.- Este expediente cumple os requisitos previstos na normativa, tanto en relación cos gatos que se pretenden financiar como en relación cos recursos que os financian e respecta o equilibrio orzamentario.

Quinto.- Respecto do cumprimento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e





Sustentabilidade Financeira, a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, coa modificación dada pola Orde HAP/2015/2012, de 1 de outubro, no artigo 16 dispón, que entre outra información, debe remitirse trimestralmente a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade e do límite da débeda e a valoración do cumprimento da regra de gasto o peche do exercicio coa liquidación.

A este respecto na Base 7 das Bases de Execución do Orzamento 2025, establecese que "*En canto a verificación do cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria estarase á obriga trimestral efectuarase nas actualizacións trimestrais contempladas na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro*"; polo que se considera que non procede un informe específico respecto do cumprimento da Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Cabe subliñar que, o Consorcio co expediente de incorporación de remanente de crédito e modificación de crédito, suplemento de crédito e concesión de crédito extraordinario 1/2025, e a modificación de crédito prevista, se seguimos as liñas de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria aplicadas na elaboración do Orzamento 2025, non cumpliría co obxectivo de estabilidade orzamentaria nin de regra de gasto. Non obstante, si a devandita avaliación a efectuamos sobre a previsión de obrigas recoñecidas netas e dos dereitos recoñecidos netos ao final do exercicio 2025 (na fase de liquidación) resulta previsible que coas modificacións propostas se cumpra co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou mellor dito non afecten a este obxectivo, xa que a 31-12-2025 resulta improbable que se acade o recoñecemento das obrigas económicas derivadas dos gastos correntes e sobre todo dos investimentos aos que van destinados os créditos, e todo elo por dous motivos:

1. As prazas e postos de traballo contemplados no cadre de persoal, dotados no orzamento 2025 e incluídos na correspondente Oferta de Emprego Público atópanse vacantes.

2. A inxecución media de gasto que se ven rexistrando.

3. Polo longo prazo de execución, sobre todo na dotación prevista de vehículos, o que podería conllevar proxectalo posible incumprimento para o exercicio seguinte; circunstancia que se pretende mitigar ou anular coa pretensión deste Consorcio de incluir o financiamento dos vehículos e equipamentos no "Programa de cooperación transfronteiriza España-Portugal (POCTEP) 2021-2027".

Se ben tendo en conta que o financiamento do expediente se realizará con cargo remanente de tesourería, aínda que se configura como un activo financeiro, trátase de aforro propio cuxa utilización non comporta a obriga da súa devolución nin gastos adicionais.

Non obstante cabe observar, en relación á modificación que afecta ao Capítulo I





de gastos de persoal, que esta modificación deriva dos axustes de custos que resultan da entrada en vigor do I Convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes deste Consorcio, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o día 15/04/2025, nº 72, polo que deberán ser considerados nos orzamentos futuros.

Sexto. Á vista da memoria, e do sinalado infórmase favorablemente o expediente proposto.

De aprobarse finanziarase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais (aforro propio procedente de exercicios anteriores), obtido da Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico 2024, calculados ó abeiro do art. 101 a 104 do R.D. 500/90, do 20 de abril e o SEC 2010, quedando o resumo por capítulos como segue:

Cap	GASTOS	Importe €	Ca p	INGRESOS	Importe €
	Denominación			Denominación	
1	Gastos de persoal	4.875.300,00	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.189.720,92	2	Impostos indirectos	0,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	2.234.600,00
4	Transferencias correntes	6.000,00	4	Transferencias correntes	3.140.000,00
5	Fondo de continxencia	3.000,00	5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Investimentos reais	1.783.689,66	6	Alleamento de inversiones reais	0,00
7	Transferencias de capital	0,00	7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	7.000,00	8	Activos financeiros	2.490.010,58
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	7.864.710,58		TOTAL	7.864.710,58

Este é o meu parecer.

A secretaria-interventora

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

Cod. Validación: 7ZQXDGHRS3TEJETPHR4GREFXS
Corrección: <https://consorciocontraincendiossalvamento.pontevedra.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6

